

CONCELLO DE  
SANTIAGO

**Programa de Nadal**



CONCELLO DE  
SANTIAGO

# MERCADO DE NADAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA 2020



**DO 4 DE DECEMBRO AO 5 DE XANEIRO** *Rúa Carreira do Conde*  
**DO 26 DE DECEMBRO AO 5 DE XANEIRO** *tamén en Área Central*

Info: [comercio.santiagodecompostela.gal](mailto:comercio.santiagodecompostela.gal) | [www.mercadonadal.com](http://www.mercadonadal.com) f Mercado Nadal Concello de Santiago



EDICIÓN: Concello de Santiago de Compostela  
DESEÑO/MAQUETACIÓN: Ekinocio Comunicación  
ROTATIVA: Galicia Editorial SL  
DEPÓSITO LEGAL: C 1693-2020

#### ENDEREZOS DE INTERESE

##### **Teatro Principal**

Rúa Nova, 21 · 981 542 347 (oficina)  
981 542 349 (despacho de billetes)  
teatroprincipal@santiagodecompostela.gal

##### **Auditorio de Galicia**

Avda. do Burgo das Nacións, s/n  
981 552 290  
info@auditoriodegalicia.org

##### **Turismo de Santiago de Compostela**

Rúa do Vilar, 63  
981 555 129  
info@santiagoturismo.com

##### **Espazo Apego**

Rúa da República do Salvador, 12 - entresollado  
981 542 40

##### **Centro Sociocultural da Trisca**

Corredoira das Fraguas, 92 / 981 543 192

##### **Centro Sociocultural das Fontiñas**

Rúa de Berlín, 13 / 981 528 750

##### **Centro Sociocultural de Conxo**

Praza de Aurelio Aguirre, 1 / 981 528 740

##### **Centro Sociocultural de Santa Marta**

Rúa de Antonio Rama Seoane, 6 / 981 543 017

##### **Centro Sociocultural de Vite**

Rúa de Carlos Maside, 7 / 981 542 490

##### **Centro Sociocultural do Castiñeiríño**

Rúa da Virxe da Fátima, 1/ 981 542 459

##### **Centro Sociocultural O Ensanche**

Rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16 / 981 543 001


Chegamos ás festas do Nadal de 2020 co esgotamento dunha carreira de fondo que aínda non rematou. E por iso, quizais, neste escenario atípico, é aínda máis necesario facer por manter aquelas pequenas cousas que nos fan felices dentro das posibilidades que a situación actual permite. Non faltarán as rúas iluminadas de Santiago e outras iniciativas para engalanar a cidade, nin a música das ruadas e os concertos da Real Filharmonía de Galicia e a nosa Banda Municipal de Música; nin o teatro, o circo e a maxia; ou o espectacular Belén de San Fiz de Solovio.


Teremos tamén os mercados de Nadal e da Estrela, unha morea de obradoiros para todas as idades e até autocine! Viviremos o encontro da Apalpadora e a Paxe do Nadal, a ruada do Apalpador pola cidade histórica e como non, a recepción dos Reis Magos... que será distinta, mais igualmente máxica e especial.


Convidámosvos a vivir o Nadal coa ilusión que os nenos e as nenas de Compostela merecen, co respecto polas tradicións que sempre dispensamos e coa participación activa nunha programación que foi trazada desde todas as áreas do Concello tendo en conta as restricións e a vosa seguridade primeiro, pero sen deixar atrás a diversidade e calidade que a caracterizan.

Por último, apelamos á vosa responsabilidade individual para celebrar estas festas da maneira máis segura posible para todas as persoas e desexamos de corazón que teñades un bo Nadal e boa entrada no 2021, un novo Ano Santo para a nosa cidade!


[santiagodecompostela.gal](http://santiagodecompostela.gal) | [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) | [santiagoturismo.gal](http://santiagoturismo.gal)

 [CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura) | [TurismoDeSantiago](https://www.facebook.com/TurismoDeSantiago)

 [@CCultura](https://twitter.com/CCultura) | [@santiagoturismo](https://twitter.com/santiagoturismo)



# a cidade engalanada PARA CELEBRAR



## Luces e voces da Alameda compostelá

### ITINERARIO CON ILUMINACIÓN ARTÍSTICA

Durante un mes completo, o noso parque máis insigne lucirá unha iluminación artística especial. Desde o venres 4 de decembro ao mércores 6 de xaneiro, as personaxes senlleiras e outros fitos da historia de Santiago e Galicia presentes na Alameda brillarán máis ca nunca.

Propoñémosvos un itinerario para descubrirlas todas, aquelas que levan décadas con nós e as de máis recente incorporación, mentres gozades dun fermoso paseo co caer do día.

A partir das 18.00 h da tarde e ata entrar a noite, coincidindo co horario das luces de Nadal, atoparedes estes 13 puntos engalanados con luz e cor:

1. Porta Faxeira
2. As Marias
3. Valle-Inclán
4. Isaac Díaz Pardo
5. O banco dos namorados
6. A Leiteira
7. A fonte de mármore
8. Monumento a Rosalía de Castro
9. Federico García Lorca
10. Monumento a Pedro Pais Lapido
11. Pavillón de Recreo Artístico e Industrial [Escola Infantil de Santa Susana]
12. Homenaxe a Castelao
13. Igrexa de Santa Susana

Na oficina central de Turismo de Santiago, e tamén en [santiagoturismo.gal/nadal](http://santiagoturismo.gal/nadal), tendes á vosa dispoñibilidade un folleto despregable con información de cada punto do itinerario.

## Belén tradicional

### EN SAN FIZ DE SOLOVIO

Un Nadal máis, do venres 4 de decembro ao martes 5 de xaneiro, poderemos gozar deste impresionante Belén cedido e montado por José Uzal.

Máis de 200 figuras de barro e lenzo pintado, todas feitas a man, compoñen este nacemento que inclúe diferentes escenas, pezas en movemento e tamén iluminación e son.

A exhibición do belén brinda ademais unha ocasión inmejorable para visitar a igrexa de San Fiz, fundamental na historia fundacional de Santiago. Ademais, o seu tímpano acolle unha fermosa representación gótica da Epifanía ou Adoración dos Magos.

As persoas e familias que desexen ver esta maravilla, poderán acceder á Igrexa de balde, sempre atendendo ás limitacións de aforo e as normas e restricións vixentes por causa da crise sanitaria.

Esta iniciativa está organizada por Turismo de Santiago, Concello de Santiago, coa colaboración do Arcebispo de Santiago, Mercado de Abastos e Colexio Maior de Santo Agostiño.

#### HORARIO

##### 4 a 22 decembro

Luns a venres: 11.00-13.00 h / 17.00-19.00 h.  
Sábados, domingos, ponte e previo ponte, festivos e vacacións de Nadal: 11.00-14.00 h / 16.00-21.00 h.

##### Datas especiais:

24 e 31 decembro: 11.00-14.00 h / 16.00-19.00 h.  
25 decembro e 1 xaneiro: 17.00-21.00 h.

+ info: [santiagoturismo.gal/nadal](http://santiagoturismo.gal/nadal)

## Ilustración galega

### NA FACHADA DA CASA DA CONGA

As persoas que crucen a Praza da Quintana á noite [desde as 18.00 h até a madrugada] durante os días de Nadal recibirán unha felicitación moi especial da man de 8 profesionais da ilustración do país.

Organizadas en dúas quendas, unha serie de proxeccións sobre a fachada da Casa da Conga felicitará os veciños e as veciñas de Compostela o Nadal e o Aninovo.

#### Do 4 ao 25 de decembro:

Laura Tova, Carlos Arrojo, Nuvi & Éxfico e Andrea López Álvarez.

#### Do 26 de decembro ao 6 de xaneiro:

Iria Prol, Leandro Barea, María Novoa e David Sierra.

Esta iniciativa, organizada por Turismo de Santiago, Concello de Santiago, é proxecto de Mónica Mejías, e conta coa colaboración da Tesourería Xeral da Seguridade Social [Casa da Parra].

## Luz e cor


### NA FACHADA DA IGREXA E CONVENTO DE SAN DOMINGOS DE BONAVAL

Outro lugar que achegará un aspecto axeitado ás datas que celebramos será San Domingos de Bonaival cunha instalación de iluminación na fachada que estará dispoñible desde o 4 de decembro ata despois de Reis (a partir das 18.00h).

Organiza: Turismo de Santiago / Concello de Santiago. Agradecementos: CGAC / Xunta de Galicia

+ info: [santiagoturismo.gal/nadal](http://santiagoturismo.gal/nadal)

# DECEMBRO, un mes diferente



## Mercado de Nadal

### CARREIRA DO CONDE / ÁREA CENTRAL

Como cada ano, composteláns/ás e visitantes poderán facer as súas compras de Nadal nos 70 postos de decoración, alimentación *gourmet* e artesanía [xoias, madeira, cerámica, vidro, coiro, xoguetes, téxtil, regalo orixinal, deseño...] do mercado ademais da ampla oferta de comercios locais da cidade.

As tres primeiras quendas [4 -9, 10-16 e 17-23 de decembro] desenvolveranse na rúa da Carreira do Conde e estarán dedicadas en exclusiva á decoración de Nadal e á alimentación selecta, facilitando ao público a preparación da casa e dos menús para estas datas especiais.

As dúas seguintes [26-30 de decembro e 31-5 de xaneiro], que ademais da citada rúa tamén se estenderán a Área Central, resérvanse para os produtos de artesanía e regalo orixinal, coa data da Noite de Reis como horizonte.

O Mercado desenvolverase baixo estritas medidas de seguridade contra a Covid-19. A organización regulará o acceso e a limitación de capacidade. O paseo peonil pola Carreira do Conde será nun único sentido, accedéndose ao Mercado pola rúa do Xeneral Pardiñas e saíndo por Rapa da Folla.

O Mercado de Nadal leva aparelada unha programación musical con formato de ruada que contará con: Os Tiruleiros, Pulpiño co seu Melodón, Vamosindo Trío, Cé Orquestra, Tríboli Folk, O Cego na Feira, Trío DeTrés e mais Trío Par.

+ info: [mercadonadal.com](http://mercadonadal.com) | [comercio.santiagodecompostela.gal](http://comercio.santiagodecompostela.gal)



## Autocine en Compostela!

### UN XEITO ÚNICO DE VER FILMES

Unha das novidades máis esperadas deste Nadal é o autocine. Vive esta singular experiencia con tintes de nostalxia e goza desde o interior do teu auto dunha coidada selección de filmes. Para as familias, cinema de animación en galego, e para o público adulto unha mostra de títulos con participación galega na súa produción.

Do 18 ao 23 de decembro, accede de balde [previa reserva] ao aparcadoiro de Salgueiriños, sintoniza o equipo radiofónico do auto e prepárate para sentir o cinema dun xeito único, compartindo con persoas de máis de 160 vehículos esta gran experiencia colectiva.

#### Público familiar:

A galiña Turuleca, Copito de Nieve, Gisaku, Goomer, Noctura. Unha aventura máxica e Pinocho 3000.

#### Público adulto:

Arima, Os mortos van á présa, A illa das mentiras, O ouro do tempo, A praia dos afogados e Lobos sucios.

As entradas do Autocine estarán disponibles a partir do 10 de decembro.

+ info: [autocinecompostela.gal](http://autocinecompostela.gal)



# MERCADO DA ESTRELA



**HORARIOS FEIRA CREATIVA:**  
 VEN 16H a 21H  
 SAB 11H a 21H  
 DOM 11H a 21H



**VEN 18 | SAB 19 | DOM 20 DE DECEMBRO '20**

**FEIRA CREATIVA DE AGASALLOS** (ENTRADA DE BALDE): ANTIGO CONSISTORIO (PRAZA DE CERVANTES) E SAN MARTIÑO PINARIO; HOSPEDERÍA E CLAUSTRO PROCESIONAL (PRAZA DA INMACULADA) **PROGRAMACIÓN MUSICAL** (ENTRADAS Á VENDA EN [WWW.ENTRADIUM.COM](http://WWW.ENTRADIUM.COM)): PISTA CUBERTA CENTRO DON BOSCO (RUA BELVÍS)  
 THE SEY SISTERS (OUTONO CÓDAX FESTIVAL) - FAMILIA CAAMAGNO - PRESENTACIÓN "ONS" - CHICHARRÓN - TANXUGUEIRAS - TERBUTALINA - ORQUESTRA EXPLORATORIA DE SAN PEDRO - VERTO - ORTIGA



[veydile@veydile.com](mailto:veydile@veydile.com)

# UN NADAL cheo de emocións



## Mercado da Estrela

### 4 ESPAZOS CON TALENTO GALEGO

E de novo, durante a fin de semana do 18, 19 e 20 de decembro, contaremos con outra cita xa habitual no Nadal compostelán, o Mercado da Estrela, un evento cultural multidisciplinario no que as persoas creadoras de Galicia exhiben e venden o froito do seu talento para que as súas mimadas pezas, produtos, creacións e elaboracións se convertan en orixinais e innovadores agasallos con selo #talentogalego.

Máis de medio centenar de expositores de artesanía, moda, ilustración, xoguetes, fotografía, deseño, decoración, viños, produtos gastronómicos, últimas tendencias e moito máis nun mercado contemporáneo que amplía a súa oferta cun atractivo programa de concertos de pop-rock, *indie*, música tradicional, electrónica, sesións *picadiscos* e obradoiros, deseñado para gozar cumprindo con todos os protocolos de prevención, hixiene, seguridade e capacidade de cada localización.

Un mercado que, nesta 9ª edición, levará os seus contidos a catro espazos de destacado valor histórico e patrimonial de Santiago de Compostela:



### Feira creativa de agasallos de Nadal

Horario: 16.00- 21.00 h o venres  
11.00-21.00 h o sábado e o domingo.

**ESPAZO 1:** Claustro procesional de San Martiño Pinarío (Praza da Inmaculada)

**ESPAZO 2:** Hospedaría de San Martiño Pinarío (Praza da Inmaculada)

**ESPAZO 3:** Antigo Consistorio (Praza de Cervantes)

### Programación musical

The Sey Sisters, Familia Caamagno, Chicharron, Tanxugueiras, Terbutalina, Verto, Ortiga, Orquestra Exploratoria de San Pedro...

**ESPAZO 4:** Pista cuberta nos xardíns do Centro Don Bosco (Rúa de Belvís, 2)

Esta iniciativa conta coa colaboración de Turismo de Santiago/Concello de Santiago.

+ info: [entradium.com](http://entradium.com)



## Cultura e sensibilidade

### COMPOSTELA CULTURA

O mes de decembro achega a Compostela propostas culturais de gran calidade e dunha sensibilidade moi especial. Desde a interpretación de Aitana Sánchez Gijón en *Juana* ou o espectáculo de danza *Lar* (a casa, o fogar), ás sutilezas da voz de Sílvia Pérez Cruz.

Testaremos os límites do equilibrio cos intérpretes de Ovvio e La Trócola Circ levaranos a explorar o que hai detrás das portas. Dúas propostas circenses que darán que pensar.

Fechamos o ano de Carvalho Calero acubillando no Auditorio a exposición que recolle a marcada pegada do seu legado e continuaremos con cultura galega ao son dunha das nosas voces máis representativas, Uxía.

E o Nadal non sería o mesmo sen os concertos festivos da A Real Filharmonía de Galicia que ademais fechará o ano cunha homenaxe ao músico e musicólogo, ademais de sacerdote, José López Calo SJ, finado recentemente. E tamén escoitaremos á Banda Municipal de Música no acompañamento das celebracións e ofrendas destas datas.

Nas seguintes páxinas desenvolvemos a información de todos os espectáculos. A compra de entradas pódese facer en liña desde [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) ou presencialmente nos despachos de billetes do Teatro Principal e o Auditorio nos horarios e datas que veredes en cada reseña.

+ info: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

## Festas creativas

### CONCURSO DE ESCAPARATES

Do 10 de decembro ao 5 de xaneiro, para promover a creatividade dos/das comerciantes da cidade á hora de presentar os seus escaparates e produtos para o Nadal, e á vez dinamizar e engalanar as rúas de Compostela, terá lugar un concurso ao que poderán concorrer todos aqueles comercios e negocios con escaparate cara á rúa.

+ info: [mercadonadal.com](http://mercadonadal.com)  
[comercio.santiagodecompostela.gal](http://comercio.santiagodecompostela.gal)

## Unha San Silvestre moi orixinal

### CONCELLARÍA DE DEPORTES

A tradicional carreira popular de Fin de Ano, que se vén desenvolvendo polas principais rúas de Santiago, terá nesta edición un formato diferente, coa inclusión dunha parte en liña.

Iremos desvelando máis detalles sobre a proposta segundo se achegue a data para que vaiades collendo bo ritmo.

+ info: [santiagodecompostela.gal](http://santiagodecompostela.gal)



## Festival do Apego

### UN GRAN ESPECTÁCULO PARA O PÚBLICO MIÚDO

O domingo 27, no Auditorio de Galicia, terá lugar unha das citas máis especiais do ano para as familias de Compostela. A xa tradicional Festa do Apego convértese desta volta en Festival, cun elenco de artistas recoñecidos polo público miúdo que conformarán un espectáculo inédito que para amosar a riqueza das creacións en lingua galega para as crianzas.

**Magín Blanco, Xarope Tulú, Mamá Cabra, Fantoches Baj, Golfiños, Pablísimo, Pakolas, Aldalado e Pablo Díaz conducidos por Iria Pinheiro e coa presenza ineludible do Apalpador!**

O espectáculo, que é de balde e cunha duración aproximada dunha hora (desde as 18.00 h), requerirá de retirada de entrada na semana previa en [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) para a asistencia presencial, mais tamén poderá seguirse ao vivo nas canles de Youtube do Concello e do Departamento de Lingua Galega.

+ Info: [delingua.santigodecompostela.gal](http://delingua.santigodecompostela.gal)

os mellores  
agasallos  
son eses  
momentos  
compartidos



## As festas nos barrios

### REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS

Estas datas son especiais para as pequenas comunidades de veciñanza e barrios que forman a cidade e nos centros socioculturais atoparedes actividades de balde para facer máis inesquecibles estas festas. Coma outros anos, a Apalpadora e a Paxe do Nadal visitarán os centros levando o espírito de Nadal a través de contos, xogos e das cantigas tanto nas súas visitas presenciais coma noutros formatos que estarán dispoñibles para a súa visualización nas redes sociais.

### Nadal en conto e cor

Os centros socioculturais da cidade achegan unha morea de espectáculos que farán as delicias das familias ao longo do Nadal: Vero Rilo, Magín Blanco, o Mago Teto, Alba Grande, Isla LeTriska, Circo Chosco, Paco Nogueiras, o Capitán Garfo, Fran Rei, Os Furabolos, Rosalía, Avelino González, Xandobela... son algúns dos nomes que atoparedes nunha ateigada axenda.

As prazas están suxeitas ás novas restricións de capacidade das salas, mais pode-rase gozar en *streaming* de moitos espectáculos dunha programación de balde na súa totalidade.

### Obradoiros especiais

Volve o Agasallo Viaxeiro! Xa está aquí o obradoiro infantil para crear un xoguetes que faga as ilusións doutro neno ou nena este Nadal. E para o público adulto, un obradoiro de decoración floral co que engalanar as vosas mesas. Anotádevos!

### Rutas en bici

Itinerarios para descubrir lugares da cidade pedaleando, unha para adultos, a Ruta do Pavo do día 31 de decembro, e outra para todas as idades, a Ruta de Reis do 4 de xaneiro. Inscríbete axiña, só hai 10 prazas para cada ruta!

### Proxeccións en familia

Gozade en familia da proxección de filmes de animación moi acordes con estas datas, mundos de fantasía para descubrir xuntos: La familia Adams, Pesadilla antes de Navidad, Dora y la ciudad perdida, Espías con disfraz, Alicia en el País de las Maravillas, Dumbo... Prazas limitadas e acceso con reserva nalgúns casos (ver axenda).

### Tempos de solidariedade

Outro ano máis, chamámosvos a participar na nosa campaña solidaria de recollida de alimentos non perecedeiros e xoguetes novos que comeza o 7 de decembro.



## Celebrando en liña

### MOCIDADE COMPOSTELA

En 2020 aprendemos a consumir cultura en formatos moi diversos, coas facilidades que nos achega a tecnoloxía e na comodidade dos nosos fogares e malia botar de menos as increíbles sensacións que produce ver un espectáculo en directo, puidemos gozar de iniciativas de calidade grazas ao esforzo de artistas e programadores.

A Concellaría de Mocidade presenta para o nadal unha serie de actividades en liña coa ilusión de chegar así a toda a xuventude de Compostela. Narración, obradoiros de scrapbooking ou de cociña e un xogo de rúa, son as propostas ás que de balde, e con inscrición previa, poderán acceder desde os seus dispositivos.

### Este Nadal contamos dende a casa

Tres recoñecidos narradores: Sole Felloza (acompañada da violinista Irina Gruia), Celso Sanmartín e Dani Blanco, contarán historias populares destas datas que se difundirán a través das redes sociais da Concellaría de Mocidade.

### Descubrinto Libredón, o segredo das pedras

#### XOGO DE DESCUBERTA NA RÚA

*“Son séculos de historia os que encerran as pedras de Compostela. Son miles os sucesos acaecidos ao longo deste tempo e centos os misterios que quedan por resolver. Co recente solsticio, unha vez máis a escuridade invade a cidade vella, facendo que a historia que nos conta cada pedra, vaia caendo no esquecemento”.*

Do 4 ao 10 de xaneiro, a cidade histórica converterase no taboleiro dun xogo autónomo de pistas e probas, empregando dispositivos móbiles e internet. Non esquezas anotarte para participar!

### Obradoiro de Nadal con scrapbooking


Elaboración dun diorama de temática festiva realizado con esta técnica. Ás persoas que se inscriban facilitaráselles unha ligazón aos contidos do tutorial.

### Cociña de Nadal

Participa nun obradoiro de pratos e doces de Nadal e aprende a facer polvoróns, turróns caseiros, tronco de Nadal, *petit fours* salgados...

Os videotutoriais estarán dispoñibles na conta do Youtube de “Noites alternas” desde o día 23 de decembro ao 10 de xaneiro. A formación é de balde, mais require inscrición previa para acceder a ela.

+ info e inscricións en:  
[dptoxuventude@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoxuventude@santiagodecompostela.gal)



# O Nadal trae todo isto e moito máis...

Prendido das luces e instalacións artísticas de Nadal

Abre o Mercado de Nadal e comeza a animación de rúa

Xa podemos visitar o Belén de San Fiz de Solovio!

Volve aos CSC o obradoiro Agasallo Viaxeiro!

04  
DEC

17  
DEC

Comezan as visitas da Apalpadora e da Paxe do Nadal  
(17/20/23/26/29/30 DEC e 2 XAN)

Ruada do Apalpador

22  
DEC

24  
DEC  
Noiteboa

18  
DEC

Inauguramos o AUTOCINE!

Abre por tres días o Mercado da Estrela

Festival do Apego

27  
DEC

25  
DEC  
Nadal

30  
DEC

Traslado dos restos do Apóstolo co acompañamento da BMSC

Carreira de San Silvestre

Apertura da Porta Santa co acompañamento da BMSC

31  
DEC  
Fin de Ano

1  
XAN  
Aninovo

06  
XAN  
Reis

05  
XAN

Recepción dos REIS MAGOS!

Concerto de Reis da Real Filharmonía

Concerto de Reis da BMSC



# Axenda Nadal 2020/2021



## MÉRCORES, 2 DE DECEMBRO

EXPOSICIÓN | ARTES VISUAIS


### Carvalho Calero. A voz presente

“A voz presente”, lema da exposición, dá sentido a unha mostra na que a palabra de Carvalho ten todo o protagonismo. A través da súa propia voz, dos seus escritos e das entrevistas concedidas, a presenza do autor materialízase en cada un dos espazos que conforman a exposición, comisariada por José Luís Rodríguez e Carlos Quiroga. Así, o relato expositivo vén guiado sempre polas palabras “literais” do autor. Os textos son extractos da súa obra ou das súas intervencións, respectando en todo momento a opción ortográfica escollida por el.

A exposición percorre a dimensión artística, humana e lingüística do autor e pon en valor a súa figura e o seu legado.

PODE VISITARSE ATA O 7 DE MARZO DE 2021 • HORARIO: TODOS OS DÍAS DE 10.00 A 14.00 E DE 16.00 A 20.00 H (OS DÍAS DE CONCERTO A SALA DE EXPOSICIÓN PÉCHA ÁS 19.00 H)

20.00 H | AUDITORIO DE GALICIA | DE BALDE



## VENRES, 4 DE DECEMBRO

OBRADOIRO | MANUALIDADES

### Agasallo Viaxeiro

Os nenos/as participantes, realizarán un pequeno agasallo (preferiblemente un xoguete) que lle chegará a un neno/a que non coñece doutro centro.

PÚBLICO INFANTIL • 90 MINUTOS • INSCRIPCIÓN PREVIA

18.00 H | CSC DO ROMANO | DE BALDE

MÚSICA | RUADA

### Trío DeTrés

Temas propios, versións de cancións populares, divertidos arranxos para un programa que transita por todos os estilos: latino, clásico, jazz, swing, bandas sonoras. Unha nova produción con ritmo, moito ritmo, que fará gozar, bailar e rir ao público.

PÚBLICO FAMILIAR • 60 MINUTOS • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE

## XOVES, 3 DE DECEMBRO

ESPECTÁCULO | CIRCO

### OVVIO

#### Kolektiv Lapsó Cirk

Este espectáculo nace das ideas dos dous intérpretes, David Díez Méndez [España] e Tomas Vclavek [Eslovaquia].

Onde se atopa o límite extremo do equilibrio? Este instante perfecto onde as leis da gravidade parecen vencidas, excedidas, desaparecidas. Onde se atopa o límite de nosas capacidades? Ás veces alcanzámolo, ás veces non. Ás veces sobrepasámolo, ás veces non. Ás veces cáese e ás veces non. Gústannos ambos, OVVIO!

OVVIO é un encontro entre dúas personalidades opostas, que levan dentro a mesma necesidade de risco, a abafadora urxencia de descubrir até onde poden chegar antes de que a física e a casualidade nos derrote. Onde está o instante de perfección antes da caída? O “xogo” é a súa forma, o buscar este límite, a confianza o cordón necesario que os une e os empuxa a seguir.

OVVIO é un desafío.

TODOS OS PÚBLICOS • 60 MINUTOS

ENTRADAS: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) a partir do luns 30 ás 10.00 h e no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado (+ días de evento) de 18.00 a 21.00 h. Os días que hai evento no Teatro, a venda anticipada remata ás 20.00 h e só se venden entradas para o espectáculo dese día.

20.30 H | TEATRO PRINCIPAL | 12 € (DESCONTOS HABITUAIS)



## SÁBADO, 5 DE DECEMBRO

MÚSICA | RUADA

### O Cego na Feira

Recreación das actuacións que facían os tradicionais personaxes dos cegos polos pobos e aldeas galegas. Oli Xiráldez, como Cego, e Gustavo Couto, como Lázaro, interpretan romances, crimes, mitos e historias recollidas na nosa tradición e lévanas un pouco máis alá.

PÚBLICO FAMILIAR • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE

MÚSICA | CONCERTO

### Sílvia Pérez Cruz & Farsa Circus Band

Farsa é o novo disco de Sílvia Pérez Cruz. Farsa Circus Band é o directo con banda deste proxecto. O *line-up* está formado grandes músicos da mesma xeración que Sílvia cos que se reencontra despois de moitos anos e camiños propios de investigación e amor á música.

PÚBLICO ADULTO • 120 MINUTOS

ENTRADAS: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) a partir do luns 30 ás 10.00 h e no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado (+ días de evento) de 18.00 a 21.00 h. Os días que hai evento no Teatro, a venda anticipada remata ás 20.00 h e só se venden entradas para o espectáculo dese día. | Despacho de billetes do Auditorio de Galicia, días de espectáculo desde 1 hora e 30 min. antes do seu comezo.

20.00 H | AUDITORIO DE GALICIA | 15 € (DESCONTOS HABITUAIS)



## DOMINGO, 6 DE DECEMBRO

MÚSICA + NARRACIÓN

### O gato con botas Charo Pita e a BMSC

Conto popular de Charles Perrault narrado por Charo Pita e música da Banda Municipal de Santiago dirixida por Casiano Mouriño Maqueira.

PÚBLICO FAMILIAR • 60 MINUTOS • ACCESO CON RESERVA DE ENTRADA EN FESTIVALATLANTICA.GAL

12.00 H | MUSEO CENTRO GAIÁS, CDC | DE BALDE

MÚSICA | RUADA

### Tríbolli Folk

Animación musical de rúa a cargo de Tríbolli Folk. Música tradicional a pé de rúa cunha formación en trío.

PÚBLICO FAMILIAR • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE

ESPECTÁCULO | TEATRO

### Juana

“Hai un tempo humano e un tempo salvaxe”. Atravesando os bosques da memoria atopamos unha muller, a moitas mulleres, unidas por un mesmo nome, que se preguntan incesantemente se hai un destino feminino na Terra. Como eco do seu propio eco, nunha viaxe non cronolóxica pero si vivida, a papisa Xoana viste roupaxes masculinas e dá a luz no medio dunha multitude entoleirada que alberga soños de lapidación; Xoana de Arco triunfa no campo de batalla e sofre o interrogatorio do inquisidor que planea queimala na fogueira; Xoana a Tola afunde as súas mans no inerte corazón de Felipe o fermoso; Sor Xoana Inés de la Cruz desexa en clave poética á vicerraíña e Xoana Dona visita o paredón no que o seu marido é fusilado mentres pronuncia as súas últimas palabras de amor. Os vestixios dun legado que retumba unha e outra vez nos, a miúdo, xordos oídos do presente.

INAEM. PLATEA

PÚBLICO ADULTO • 80 MINUTOS

ENTRADAS: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) a partir do luns 30 ás 10.00 h e no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado (+ días de evento) de 18.00 a 21.00 h. Os días que hai evento no Teatro, a venda anticipada remata ás 20.00 h e só se venden entradas para o espectáculo dese día. | Despacho de billetes do Auditorio de Galicia, días de espectáculo desde 1 hora e 30 min. antes do seu comezo.

20.30 H | AUDITORIO DE GALICIA | 14 € (DCTOS. HABITUAIS)

## LUNS 7, DE DECEMBRO

OBRADOIRO | MANUALIDADES

### Agasallo Viaxeiro

Os nenos/as participantes, realizarán un pequeno agasallo (preferiblemente un xoguete) que lle chegará a un neno/a que non coñece doutro centro.

PÚBLICO INFANTIL • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

18.30 H | CSC DE PONTEPEDRIÑA | DE BALDE



MÚSICA | RUADA

### Cé Orquestra

Apoiándose na recuperación da figura do Home Orquestra, Cé Orquestra Pantasma convértese na fórmula perfecta para escapar do mundo.

PÚBLICO FAMILIAR • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE

## MARTES, 8 DE DECEMBRO

ARTES ESCÉNICAS

### Palabras en pedra

Espectáculo escénico con textos de Valle-Inclán.

TODOS OS PÚBLICOS • 40 MINUTOS • ACCESO LIBRE

12.00 H | CLAUSTRO DE SAN DOMINGOS DE BONAVAL | DE BALDE

MÚSICA | RUADA

### Vamosindo Trío

O trío compostelán de música tradicional e folk percorrerá o Mercado levando as mellores melodías tradicionais galegas desta época do ano.

PÚBLICO FAMILIAR • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE

## MÉRCORES, 9 DE DECEMBRO

OBRADOIRO | ARTE FLORAL

### Decoramos o Nadal

As persoas participantes neste obradoiro, elaborarán un centro de mesa de Nadal con elementos naturais para decorar as súas casas.

PÚBLICO ADULTO • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

17.00 H | CSC DAS FONTIÑAS | DE BALDE

19.30 H | CSC DE CASA AGRARIA | DE BALDE

OBRADOIRO | MANUALIDADES

### Agasallo Viaxeiro

Os nenos/as participantes, realizarán un pequeno agasallo (preferiblemente un xoguete) que lle chegará a un neno/a que non coñece doutro centro.

PÚBLICO INFANTIL • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

17.30 H | CSC DE FIGUEIRAS | DE BALDE

18.30 H | CSC DE CONXO | DE BALDE

MÚSICA | RUADA

### Pulpiño co seu Melodón

Pulpiño Viascón trae un precioso órgano de Barbaria que acaba de chegar de Inglaterra para este nadal. Xirando a manivela fará soar panxoliñas.

PÚBLICO FAMILIAR • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE

## XOVES, 10 DE DECEMBRO

OBRADOIRO | ARTE FLORAL

### Decoramos o Nadal

As persoas participantes neste obradoiro, elaborarán un centro de mesa de Nadal con elementos naturais para decorar as súas casas.

PÚBLICO ADULTO • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

17.30 H | CSC DE BANDO | DE BALDE

18.30 H | CSC DE CONXO | DE BALDE

18.30 H | CSC DE SANTA MARTA | DE BALDE

NARRACIÓN | NADAL EN CONTO E COR

### Contos de animalario Vero Rilo

Unha viaxe polos montes, prados e camiños máis verdes que puideramos ver, chea de encontros cos animais máis maravillosos: toupas choscas, chivos enormes e ogros torpes, pombas doces e dragóns atroces, bechos estraños, cabalos azuis e cantigas de hai anos e non tantos.

Retransmisión en liña na canle de Youtube dos CSC.

PÚBLICO INFANTIL (2-6 ANOS) • 40 MINUTOS • ACCESO LIBRE  
ATA COMPLETAR A CAPACIDADE DA SALA (30 PRAZAS)

18.00 H | CSC DA ROCHA | DE BALDE

MÚSICA | RUADA

### Os Tiruleiros

Dúo formado por Alberto Millán e José Piñeiro, músico e artesán respectivamente, que se encarga da confección dos instrumentos das súas actuacións.

PÚBLICO FAMILIAR • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE

MÚSICA | CONCERTO

### Abrazando a natureza Real Filharmonía de Galicia

Dirixida por Paul Daniel

#### Programa:

- A. Clyne: Within her arms [estrea en España]
- B. Dean: Sinfonía Pastoral [estrea en España]
- L. v. Beethoven: Sinfonía nº 6 en Fa M, op. 68 "Pastoral"

Retransmisión en liña na canle YouTube da Real Filharmonía de Galicia.

PÚBLICO ADULTO • 60 MINUTOS

ENTRADAS: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) a partir do luns 7 ás 10.00 h e no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado (+ días de evento) de 18.00 a 21.00 h. Os días que hai evento no Teatro, a venda anticipada remata ás 20.00 h e só se venden entradas para o espectáculo dese día. | Despacho de billetes do Auditorio de Galicia, días de espectáculo desde 1 hora e 30 min. antes do seu comezo.

20.30 H | AUDITORIO DE GALICIA | 15 € (DCTOS. HABITUAIS)



## VENRES, 11 DE DECEMBRO

OBRADOIRO | MANUALIDADES

### Agasallo Viaxeiro

Os nenos/as participantes, realizarán un pequeno agasallo (preferiblemente un xoguete) que lle chegará a un neno/a que non coñece doutro centro.

PÚBLICO INFANTIL • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

17.30 H | CSC DE FIGUEIRAS | DE BALDE

18.00 H | CSC DO ROMAÑO | DE BALDE

18.00 H | CSC DO ENSANCHE | DE BALDE

18.30 H | CSC DE SANTA MARTA | DE BALDE

18.30 H | CSC DA TRISCA | DE BALDE

MÚSICA | RUADA

### Vamosindo Trío

O trío compostelán de música tradicional e folk percorrerá o Mercado levando as mellores melodías tradicionais galegas desta época do ano.

PÚBLICO FAMILIAR • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE

## SÁBADO, 12 DE DECEMBRO

OBRADOIRO | MANUALIDADES

### Agasallo Viaxeiro

Os nenos/as participantes, realizarán un pequeno agasallo (preferiblemente un xoguete) que lle chegará a un neno/a que non coñece doutro centro.

PÚBLICO INFANTIL • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

10.30 H | CSC DAS CANCELAS | DE BALDE

MÚSICA | NADAL EN CONTO E COR

### O que levamos nas maletas Magín Blanco

Esta é a nova aventura de Magín Blanco, un dos máis coñecidos músicos e compositores de Galicia dedicados ao público infantil e xuvenil. Magín compila os seus grandes éxitos e as súas últimas creacións para o deleite dos pequenos e pequenas e as súas familias.

*O que levamos nas maletas* é unha metáfora da vida onde conflúen música, teatro, poesía e contos, para estimular e enriquecer a imaxinación e a creatividade de pequenos e pequenas.

Retransmisión en liña na canle de Youtube dos CSC.

PÚBLICO FAMILIAR • 50 MINUTOS • ACCESO LIBRE ATA  
COMPLETAR A CAPACIDADE DA SALA (30 PRAZAS)

18.00 H | CSC DE CONXO | DE BALDE

MÚSICA | NADAL EN CONTO E COR

## Canta música

### Pablo Díaz

Un espectáculo de bailes, xogos-baile, canto, e música en lingua galega no que as nenas e os nenos participarán dos xogos, bailes e cancións dunha maneira activa.

PÚBLICO INFANTIL (4 A 11 ANOS) • 50 MINUTOS • RESERVA DE ENTRADAS CHAMANDO AO 981 543 017 (30 PRAZAS)

18.00 H | CSC DE SANTA MARTA | DE BALDE



ESPECTÁCULO | CIRCO

## Emportats

### La Trócola Circ

Espectáculo de circo para todos os públicos que combina diferentes disciplinas: acrobacia, malabar, música e traballo con obxectos (portas).

INAEM. PLATEA

TODOS OS PÚBLICOS • 50 MINUTOS

ENTRADAS: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) a partir do luns 30 ás 10.00 h e no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado (+ días de evento) de 18.00 a 21.00 h. Os días que hai evento no Teatro, a venda anticipada remata ás 20.00 h e só se venden entradas para o espectáculo dese día.

18.30 H | TEATRO PRINCIPAL | 4 € ENTRADA / 12 € BONO FAMILIAR DE 4 ENTRADAS



MÚSICA | RUADA

## Trío Par

O peculiar trío formado por Andrea Pérez no saxo, Raquel Fernández na tuba e Pablo Dalama na gaita presentan un repertorio musical animado e divertido para gozar en familia.

PÚBLICO FAMILIAR • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE



ESPECTÁCULO | DIVULGATIVO

## Orbitamos!

### Colectivo M!!!

Espectáculo divulgativo de astronomía con material audiovisual e participación directa do público.

TODOS OS PÚBLICOS • 80 MINUTOS • ACCESO LIBRE ATA COMPLETAR A CAPACIDADE DA SALA (30 PRAZAS)

19.00 H | CSC DE CONXO | DE BALDE

MÚSICA | RUADA

## Cé Orquestra

Apoiándose na recuperación da figura do Home Orquestra, convértese na fórmula perfecta para escapar do mundo por uns intre, deixándose levar.

PÚBLICO FAMILIAR • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE

## LUNS, 14 DE DECEMBRO

OBRADOIRO | ARTE FLORAL

## Decoramos o Nadal

As persoas participantes neste obradoiro, elaborarán un centro de mesa de Nadal con elementos naturais para decorar as súas casas.

PÚBLICO ADULTO • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

17.30 H | CSC DE CASTIÑEIRIÑO | DE BALDE

19.30 H | CSC DE CASTIÑEIRIÑO | DE BALDE

OBRADOIRO | MANUALIDADES

## Agasallo Viaxeiro

Os nenos/as participantes, realizarán un pequeno agasallo (preferiblemente un xoguete) que lle chegará a un neno/a que non coñece doutro centro.

PÚBLICO INFANTIL • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

18.00 H | CSC DO ENSANCHE | DE BALDE

18.30 H | CSC DE SANTA MARTA | DE BALDE

18.30 H | CSC DA TRISCA | DE BALDE

## MARTES, 15 DE DECEMBRO

OBRADOIRO | MANUALIDADES

## Agasallo Viaxeiro

Os nenos/as participantes, realizarán un pequeno agasallo (preferiblemente un xoguete) que lle chegará a un neno/a que non coñece doutro centro.

PÚBLICO INFANTIL • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

17.00 H (PRIMEIRA QUENDA) E 19.00 H (SEGUNDA QUENDA) CSC DE MARROZOS | DE BALDE

17.15 H | CSC DE AMIO | DE BALDE | (DURACIÓN 45 MIN.)

17.30 H | CSC DE BANDO | DE BALDE | (DURACIÓN 45 MIN.)

18.00 H | CSC DE CASTIÑEIRIÑO | DE BALDE

18.00 H | CSC DAS FONTIÑAS | DE BALDE

18.30 H | CSC DA CASA AGRARIA | DE BALDE



## DOMINGO, 13 DE DECEMBRO

MÚSICA | CONCERTO

## Unha mañá coa lírica

### Banda Municipal de Música de Santiago

Dirixida por Casiano Mouriño Maquieira acompañados pola soprano Marina Penas.

TODOS OS PÚBLICOS • 60 MINUTOS • CON CONVITE

RETIRADA DE CONVITE: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) a partir do luns 7 ás 10.00 h e no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado (+ días de evento) de 18.00 a 21.00 h. Os días que hai evento no Teatro, a venda anticipada remata ás 20.00 h e só se venden entradas para o espectáculo dese día. | Despacho de billetes do Auditorio de Galicia, días de espectáculo desde 1 hora e 30 min. antes do seu comezo.

12.00 H | AUDITORIO DE GALICIA | DE BALDE (CONVITE)

## MÉRCORES, 16 DE DECEMBRO

OBRADOIRO | ARTE FLORAL

### Decoramos o Nadal

As persoas participantes neste obradoiro, elaborarán un centro de mesa de Nadal con elementos naturais para decorar as súas casas.

PÚBLICO ADULTO • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

17.00 H | CSC DE CARDENAL QUIROGA | DE BALDE

19.00 H | CSC DE CARDENAL QUIROGA | DE BALDE

OBRADOIRO | MANUALIDADES

### Agasallo Viaxeiro

Os nenos/as participantes, realizarán un pequeno agasallo (preferiblemente un xoguete) que lle chegará a un neno/a que non coñece doutro centro.

PÚBLICO INFANTIL • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

17.30 H | CSC DE FIGUEIRAS | DE BALDE

CINEMA NO NADAL | PROYECCIÓN EN FAMILIA

### La familia Adams

Director: Conrad Vernon  
Xénero: Animación. Comedia.

Gomez e Morticia preparan a visita da súa numerosa familia para celebrar a "Mazurka con sabre" en honra a Pugsley, un rito de iniciación para converterse nun home digno da familia Addams. Pero, mentres están inmersos nos preparativos, ignoran que a súa veciña, o fenómeno televisivo Margaux Needler, planea construír unha comunidade prefabricada e perfecta xusto debaixo da súa.

TODOS OS PÚBLICOS • 87 MINUTOS • ACCESO LIBRE ATA COMPLETAR A CAPACIDADE DA SALA (20 PRAZAS)

18.00 H | CSC DA TRISCA | DE BALDE

MÚSICA | RUADA

### Pulpiño co seu Melodón

Pulpiño Viascón segue impresionando ao mundo cos seus instrumentos máxicos. Dende Liverpool vén O Melodón! o neto da Organeta!, un precioso órgano de Barbaria que acaba de chegar de Inglaterra para este nadal 2020. Xirando a manivela fará soar as melodías das panxoliñas máis populares.

PÚBLICO FAMILIAR • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE



## XOVES, 17 DE DECEMBRO

OBRADOIRO | ARTE FLORAL

### Decoramos o Nadal

As persoas participantes neste obradoiro, elaborarán un centro de mesa de Nadal con elementos naturais para decorar as súas casas.

PÚBLICO ADULTO • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

17.00 H | CSC DA ROCHA | DE BALDE

19.00 H | CSC DA ROCHA | DE BALDE

NARRACIÓN | NADAL EN CONTO E COR

### Contos para derreter cera

#### Alba Grande

Unha xograresa chega co seu pandeiro coma se fora unha ilusionista de verbas e cantigas, para contar historias de lumes pequenos e grandes, de fragas e paxaros, de serpes e mulleres. Contos que aprendeu e que lle fixeron aprender nun momento da vida, no que non sabía para onde tirar.

Retransmisión en liña na canle de Youtube dos CSC.

TODOS OS PÚBLICOS • 50 MINUTOS • ACCESO LIBRE ATA COMPLETAR A CAPACIDADE DA SALA (30 PRAZAS)

17.00 H | CSC DE SAN LORENZO | DE BALDE

18.00 H | CSC DE SAN LORENZO | DE BALDE

OBRADOIRO | MANUALIDADES

### Agasallo Viaxeiro

Os nenos/as participantes, realizarán un pequeno agasallo (preferiblemente un xoguete) que lle chegará a un neno/a que non coñece doutro centro.

PÚBLICO INFANTIL • 90 MINUTOS • INSCRICIÓN PREVIA

17.00 H | CSC DE SAN LORENZO | DE BALDE

17.15 H | CSC DE AMIO | DE BALDE

17.30 H | CSC DE BANDO | DE BALDE | (DURACIÓN 45 MIN.)

18.00 H | CSC DE CASTIÑEIRIÑO | DE BALDE

18.15 H | CSC DA PEREGRINA | DE BALDE

MAXIA | NADAL EN CONTO E COR

### Tolemaxias

#### Mago Teto

Espectáculo cheo de novos efectos no que se tocan todas as disciplinas da maxia, dende efectos de maxia de cerca ata grandes ilusións, pasando polo mentalismo, a manipulación... Iso si, sempre acompañados de situacións absurdas e surrealistas cun toque canalla. Esta mestura ten como obxectivo final a realización dun espectáculo entretido, divertido, estético, emotivo e principalmente, cheo de ilusión e ilusións.

Retransmisión en liña na canle de Youtube dos CSC.

TODOS OS PÚBLICOS • 90 MINUTOS • ACCESO LIBRE ATA COMPLETAR A CAPACIDADE DA SALA (30 PRAZAS)

18.00 H | CSC DE FIGUEIRAS | DE BALDE



**LeTriska Inmobile****Isla LeTriska**

Delirante espectáculo que combina disciplinas de novo circo e clown con excentricidades e xogos co público. Un personaxe eléctrico sorprenderá con malabares, novos usos de cousas cotiás, pelexas co público, canto ou como converter un neno nun artista de circo. Habilidade, perspicacia, velocidade mental e parvada, moita parvada.

TODOS OS PÚBLICOS • 50 MINUTOS • ACCESO LIBRE ATA COMPLETAR A CAPACIDADE DA SALA (30 PRAZAS)

18.00 H | CSC DA GRACIA | DE BALDE

## VISITA TEATRALIZADA

**Visita da Apalpadora**

A Apalpadora achegarase aos nenos e as nenas dos centros falándolles dos distintos persoeiros que traen ilusión e agasallos nestas festas.

PÚBLICO FAMILIAR • 45 MINUTOS • INSCRIPCIÓN PREVIA

19.00 H | CSC DA GRACIA | DE BALDE

## MÚSICA | RUADA

**O Cego na Feira**

Recreación das actuacións que facían os tradicionais personaxes dos cegos polos pobos e aldeas galegas. Oli Xiraldez, como Cego, e Gustavo Couto, como Lázaro, interpretan romances, crimes, mitos e historias recollidas na nosa tradición e lévanas un pouco máis alá.

PÚBLICO FAMILIAR • ACCESO LIBRE

19.00 H | RÚA DA CARREIRA DO CONDE | DE BALDE

## MÚSICA | CONCERTO

**In Nomine Domini****Homenaxe a José López Calo SJ (1922-2020)****Real Filharmonía de Galicia**

Dirixida por Maximino Zumalave.

Coprodución coa Asociación de Amigos de la Ópera de Santiago.

**Programa:**

J. Arriola: Divertimento concertante [2º mov.]

J. S. Bach: Suite nº 3 en Re M, BWV 1068

F. J. Haydn: Sinfonía nº 84 en Mi b M "In nomine Domini".

Retransmisión en liña na canle YouTube da Real Filharmonía de Galicia.

PÚBLICO ADULTO • 60 MINUTOS

ENTRADAS: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) a partir do luns 14 ás 10.00 h e no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado (+ días de evento) de 18.00 a 21.00 h. Os días que hai evento no Teatro, a venda anticipada remata ás 20.00 h e só se venden entradas para o espectáculo dese día. | Despacho de billetes do Auditorio de Galicia, días de espectáculo desde 1 hora e 30 min. antes do seu comezo.

20.30 H | AUDITORIO DE GALICIA | 18 € (DCTOS. HABITUAIS)

**VENRES, 18 DE DECEMBRO**

## EVENTO | MERCADO

**Mercado da Estrela**

Feira creativa de agasallos de Nadal:

**ESPAZO 1:** Claustro procesional de San Martiño Pinarío

**ESPAZO 2:** Hospedaría de San Martiño Pinarío

**ESPAZO 3:** Antigo Consistorio (Praza de Cervantes)

Programación musical:

**ESPAZO 4:** Pista cuberta nos xardíns do Centro Don Bosco

ACCESO REGULADO POLA CAPACIDADE DAS SALAS

16.00-21.00 H - HORARIO ESPAZOS 1, 2, 3 | DE BALDE

## AUTOCINE

**A galiña Turuleca**

Director: Eduardo Gondell, Víctor Monigote

Xénero: Animación.

Turuleca é una galiña singular. O seu peculiar aspecto e a imposibilidade para poñer ovos desata as burlas do resto do galiñeiro, ata que un día, Isabel, unha exprofesora de música, a leva a vivir á súa granxa. Alí, feliz e en harmonía, a galiña descobre o seu gran talento: non só pode falar, senón que canta como xamais se oíu cantar unha galiña!

PÚBLICO FAMILIAR • 79 MINUTOS • RESERVA DE ENTRADAS EN AUTOCINECOMPOSTELA.GAL (A PARTIR DO 10 DE DECEMBRO)

17.00 H | APARCADOIRO DE SALGUEIRIÑOS | DE BALDE

## OBRADOIRO | MANUALIDADES

**Agasallo Viaxeiro**

Os nenos/as participantes, realizarán un pequeno agasallo (preferiblemente un xoguete) que lle chegará a un neno/a que non coñece doutro centro.

PÚBLICO INFANTIL • 90 MINUTOS • INSCRIPCIÓN PREVIA

17.00 H (PRIMEIRA QUENDA) E 19.00 H (SEGUNDA QUENDA)  
